

Entidade local	Importe concedido
Curtis	1.500,00 €
Dodro	1.500,00 €
Fene	1.875,00 €
Ferrol	1.200,00 €
Gondomar	1.500,00 €
Lalín	1.875,00 €
Leiro	1.300,00 €
Lobios	1.750,00 €
Maceda	1.000,00 €
Marín	1.500,00 €
Mazaricos	1.500,00 €
Meis	1.373,00 €
Melide	1.500,00 €
Mondoñedo	1.500,00 €
Monfero	1.845,00 €
Monforte de Lemos	2.000,00 €
Montederramo	480,00 €
Moraña	1.113,60 €
Mos	1.875,00 €
Mugardos	1.500,00 €
Muros	1.875,00 €
Narón	1.500,00 €
Neda	1.500,00 €
Nigrán	1.500,00 €
Noia	1.500,00 €
O Grove	2.000,00 €
O Rosal	1.577,60 €
Ourense	1.500,00 €
Ouro	1.032,00 €
Outeiro de Rei	1.120,00 €
Paderne de Allariz	1.750,00 €
Pazos de Borbén	2.000,00 €
Poio	1.500,00 €
Pol	1.380,00 €
Ponte Caldelas	525,00 €
Ponte deume	1.500,00 €
Pontevedra	1.875,00 €
Rairiz de Veiga	1.000,00 €
Redondela	1.500,00 €
Rianxo	1.040,00 €
Ribadavia	1.875,00 €
Ribadeo	2.000,00 €
Ribas do Sil	1.000,00 €
Sada	1.320,00 €
Salceda de Caselas	2.500,00 €
Sanxenxo	1.875,00 €
Sarria	1.500,00 €
Sober	1.750,00 €
Soutomaior	1.500,00 €
Teo	1.500,00 €
Toques	1.350,00 €
Vigo	1.875,00 €
Vilagarcía de Arousa	1.875,00 €
Vilar de Santos	1.000,00 €
Viveiro	500,00 €
Xove	500,00 €
Zas	1.500,00 €
Vedra	2.000,00 €

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Decreto 244/2008, do 9 de outubro, polo que se aproban os estatutos do Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 150.2º da Constitución española, a Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma galega, transfírese no marco

da lexislación básica do Estado o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais, complementando así o ámbito competencial determinado no artigo 27.29º do Estatuto de autonomía de Galicia.

A transferencia en materia de colexios oficiais ou profesionais fíxose efectiva a través do Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo, e asumíuse polo Decreto 337/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia.

A Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, ditada en virtude da citada competencia, dispón no seu artigo 16, en relación co 18, que os colexios profesionais gozarán de autonomía para a elaboración, aprobación e modificación dos seus estatutos, sen máis límites que os establecidos polo ordenamento xurídico.

O Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia, creado mediante Lei 9/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia, acordou, na Asemblea Xeral extraordinaria do 12 de xullo de 2008, a aprobación dos seus estatutos definitivos, adaptados ao disposto na Lei 11/2001, do 18 de setembro. Estes estatutos foron comunicados á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para os efectos da súa aprobación definitiva, logo da súa cualificación de legalidade.

Tendo en conta o exposto, en virtude do uso da competencia que ten atribuída polo artigo 34.5º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do nove de outubro de dous mil oito,

DISPOÑO:

Artigo único.-Aprobación dos estatutos do Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia.

Apróbanse, por ser adecuados á legalidade, os estatutos do Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia, que figuran como anexo a este decreto.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, nove de outubro de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO

Estatutos do Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría,
Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de GaliciaCAPÍTULO I
NORMAS XERAISSECCIÓN PRIMEIRA
DENOMINACIÓN, NATUREZA

Artigo 1º

1. O Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia é unha corporación de dereito público, de carácter profesional, con estrutura democrática e personalidade xurídica propia, con plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, recoñecida e amparada pola Constitución, o Estatuto de autonomía de Galicia, a lexislación de colexios profesionais e a Lei de creación do Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia.

2. A incorporación ao colexio débese facer de acordo co que dispoñen as leis reguladoras dos colexios profesionais. A colexiación é condición previa e requisito indispensable para poder exercer a profesión en Galicia en calquera das súas modalidades e ramas sectoriais previstas na Lei de creación do colexio e nestes estatutos.

3. Os profesionais titulados vinculados coa Administración pública mediante relación de servizos de carácter administrativo ou laboral non precisarán estar colexiados para o exercicio de funcións puramente administrativas nin para a realización de actividades propias da correspondente profesión por conta da administración a que pertencen, cando o destinatario inmediato daquelas sexa esa administración. Será obrigatoria, en consecuencia, a colexiación para o exercicio da actividade privada.

Artigo 2º

O Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia agrupa oficialmente e de forma obrigatoria a todas as persoas que queiran exercer a profesión en calquera das súas ramas ou modalidades; que teñen a titulación de:

-Técnico ou técnica superior de artes plásticas e deseño en bixería artística, en xoiaría artística e en ourivaría e prataría artísticas, pertencentes á familia profesional da xoiaría de arte, establecidos no Real decreto 1297/1995, do 21 de xullo.

-Técnico ou técnica de artes plásticas e deseño en procedemento de ourivaría e prataría, en moldaxe e fundición de obxectos de ourivaría, en xoiaría e bixería artísticas, en procedemento de xoiaría artística, en gravado artístico sobre metal, en engaste e en damasquinado, pertencentes á familia profesional da xoiaría de arte, títulos establecidos no Real decreto 1298/1995, do 21 de xullo.

-Técnico ou técnica en xoiaría, establecido no Real decreto 498/2003, do 2 de maio.

-Títulos académicos oficiais en xemoloxía expedidos polas escolas desa materia da Universidade de Barcelona, da Universidade Autónoma de Madrid ou de calquera outra do Estado español que os expida no futuro.

Así mesmo, calquera título español ou estranxeiro equivalente verificado ou homologado, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria terceira da Lei 9/2006, de creación do colexio.

Artigo 3º

O Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia ten como finalidades esenciais:

a) Ordenar e vixiar, dentro do marco das leis e do ámbito da súa competencia, o exercicio das profesións de xoiador, de ourive, de reloxeiro e de xemólogo.

b) Asumir a representación corporativa dos xoiadores, ourives, reloxeiros e xemólogos de Galicia ante as autoridades, organismos públicos, tribunais de xustiza e calquera ente legalmente constituído, sen prexuízo da existencia e do funcionamento dos gremios e asociacións profesionais legalmente constituídos.

c) Posuír e exercer a representación e defensa corporativa dos intereses profesionais e o prestixio de todos os colexiados ou calquera deles, se son obxecto de persecución ou vexación no ámbito do seu respectivo exercicio profesional.

d) Asesorar as corporacións oficiais e as persoas individuais e colectivas nas formas previstas pola lei e participar nos órganos consultivos da Administración cando se lle requira.

e) Velar para que o exercicio da actividade profesional propia de cada unha das profesións se adecúe á ética profesional e aos intereses dos cidadáns.

f) Exercer a xurisdición disciplinaria en materias profesionais e colexiais.

g) Evitar a competencia desleal entre os colexiados.

h) Intervir como mediador, mediante os procedementos de arbitraje que se establezan, nos conflitos que, por motivos profesionais, lle sexan sometidos polos colexiados.

i) Cumprir e facerlles cumprir aos colexiados as leis que afecten a profesión, estes estatutos e as outras normas, acordos e decisións que, en exercicio das súas competencias, dite o colexio.

j) Velar pola mellora técnica, profesional, social e económica dos seus membros e fomentar a formación e reciclaxe profesionais mediante, entre outros, a organización de cursos, conferencias, congresos e a publicación de revistas, folletos e circulares.

k) Organizar actividades e servizos de carácter profesional, servizos de asesoría legal, laboral, fiscal e de calquera clase, cultural, asistencial, formativo, de previsión ou análogas que sexan de interese para os Colexiados.

l) Redactar e aprobar os regulamentos de orde interna que se consideren convenientes para a boa marcha do Colexio, que en ningún caso poden contradicir o que se establece nestes estatutos.

m) Aprobar os seus orzamentos e fixar as achegas dos Colexiados, sexa en forma de cotas de ingreso, ordinarias ou extraordinarias.

n) Garantir unha organización Colexial eficaz e democrática, por medio da Xunta de Goberno, e establecer as seccións de especialidades profesionais e as agrupacións territoriais que se consideren convenientes para o mellor exercicio e a defensa da profesión no ámbito territorial do Colexio.

o) Evitar o intrusismo e exercer as accións legais para reprimilo.

p) As outras funcións impostas pola lexislación, as que sexan propias da natureza e as finalidades do Colexio ou as que beneficien as diversas profesións que agrupa o Colexio e os seus Colexiados.

Artigo 4º

O ámbito territorial do Colexio é Galicia.

Artigo 5º

1. A lingua propia do Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia é o galego. Xunto con esta será oficial tamén o castelán.

2. Tanto estes estatutos, as súas modificacións e aquelas disposicións regulamentarias de carácter xeral que deban rexer a vida corporativa e os dereitos e obrigas dos Colexiados, así como as convocatorias das asembleas xerais e das eleccións para cubrir cargos da Xunta de Goberno, deberán ser publicadas en galego e castelán.

Artigo 6

A sede social do Colexio radica en Santiago de Compostela, na rúa Laverde Ruiz, nº 6-D, entresollado.

Artigo 7º

Os recursos económicos do Colexio son de carácter ordinario e extraordinario:

a) Constitúen recursos ordinarios:

1. Os rendementos dos bens e dereitos que constituían o patrimonio Colexial.

2. Os dereitos que se establezan pola elaboración remunerada de informes, ditames, estudos e outros servizos.

3. As achegas dos Colexiados en concepto de dereitos de incorporación ou habilitación, cotas ordinarias e extraordinarias.

4. As achegas e os dereitos que se apliquen pola emisión de certificacións e outros documentos, como visados. O visado non comprenderá os honorarios nin as demais condicións contractuais que se determinen por libre acordo das partes.

5. Calquera outro que sexa legalmente posible.

b) Constitúen recursos extraordinarios:

1. As doazóns ou subvencións de procedencia pública ou privada.

2. Os bens que por título de herdanza ou por calquera outra causa ou orixe se incorporen ao patrimonio do Colexio.

3. O produto da venda ou gravame do patrimonio Colexial.

4. Calquera outro que sexa legalmente posible e que non constituía recurso ordinario.

Artigo 8º

Todos os recursos económicos deben ser destinados ao cumprimento dos fins e funcións propios do Colexio.

SECCIÓN SEGUNDA DA COLEXIACIÓN EN XERAL

Artigo 9º

De conformidade co que quedou establecido na sección primeira do capítulo primeiro destes estatutos, o ingreso no Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia é obrigatorio e constitúe requisito previo para o exercicio da profesión no ámbito de Galicia en calquera das ramas ou modalidades que inclúen a Lei de creación do Colexio e estes estatutos, sen prexuízo do establecido na Lei 11/2001, do 18 de setembro, de Colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, en relación cos profesionais ao servizo da Administración.

Os profesionais non exercentes poden tamén ingresar con carácter voluntario.

Para formalizar a Colexiación deberase solicitar por escrito ao presidente do Colexio, acompañando os documentos prescritos e cumprindo todos os requisitos que ten establecidos a lexislación vixente, os estatutos do Colexio e os regulamentos de orde interna.

Non pode denegarse a Colexiación a ninguén que a solicite e estea en posesión dos títulos ou habilitacións pertinentes e reúna todos os restantes requisitos que a lexislación vixente e estes estatutos sinalan.

Artigo 10º

1. O Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia agrupa

os profesionais citados que teñen a titulación de diplomados en xemoloxía, de técnicos superiores en xoiaría artística ou en ourivaría e prataría artística ou de técnicos de grao medio de reparador e de mantedor de aparellos de medida e control, ou ben un título debidamente homologado, e tamén os profesionais que, de acordo coa normativa vixente, están habilitados para o exercicio das funcións de xoiro, ourive, prateiro, reloxeiro e xemólogo.

2. A incorporación ao colexio é obrigatoria como condición previa para o exercicio de calquera das modalidades da profesión, sen prexuízo do establecido na Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, en relación cos profesionais ao servizo da Administración.

Artigo 11º

Cada centro de traballo, taller, fábrica ou establecemento aberto ao público poderá contar coa adscrición dun ou máis colexiados exercentes.

Artigo 12º

O colexiado debe velar polo cumprimento por parte dos seus dependentes e persoal ao seu cargo, incluídos os representantes ou axentes comerciais, e sexa cal sexa a relación laboral, mercantil ou outra pola cal se rexa a prestación do servizo en cuestión, do que establecen estes estatutos respecto ás normas deontolóxicas, en especial respecto daquelas prácticas que sexan contrarias ao exercicio e o decoro profesional.

Artigo 13º

1. Debe acreditarse documentalmentemente, xunto co escrito para solicitar a incorporación ao Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia, que se reúnen os requisitos seguintes:

- a) Ser maior de idade.
- b) Estar en posesión dos títulos ou habilitacións previstos no artigo 2º e concordantes destes estatutos.
- c) Aboar a cota de ingreso fixada.
- d) Inscribirse nas seccións que corresponda ás súas modalidades ou ramas de exercicio da profesión, de acordo co que quedou establecido nestes estatutos.

2. Cando o profesional proveña doutro colexio do Estado español, ademais do cumprimento dos requisitos anteriores, deberá acreditar que está ao día das obrigas de todo tipo no colexio de orixe.

3. O réxime de incorporación ao Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia dos membros doutros colexios deberase establecer nos convenios oportunos baixo o principio de reciprocidade.

4. Os profesionais estranxeiros nacionais doutros Estados membros da Unión Europea pódense incorporar co cumprimento do que establezan as directivas comunitarias e a súa transposición á normativa vixente do Estado español e de Galicia.

5. Os profesionais estranxeiros non comunitarios pódense incorporar ao colexio, unha vez adquirida a residencia legal no Estado español, se cumpren os requisitos que a lexislación vixente estableza para poder exercer a respectiva profesión no Estado español.

Artigo 14º

1. Os xoiros, ourives, prateiros, reloxeiros e xemólogos doutros Estados membros da Unión Europea que, estando en posesión dalgún dos títulos profesionais análogos aos requiridos nestes estatutos para a colexiación e o obtivesen en calquera destes estados, que queiran exercer de forma permanente a súa actividade profesional en Galicia, deben darse de alta previamente como colexiados exercentes.

2. A alta de destes profesionais efectúase mediante a formalización dunha solicitude dirixida ao presidente do colexio que debe conter os seguintes datos:

- a) Nome e apelidos do solicitante.
- b) Nacionalidade.
- c) Descrición do título profesional que posúa e país de obtención do título profesional.
- d) Domicilio profesional en Galicia.
- e) Presentación do título profesional e do pasaporte, documento de identidade ou calquera outro documento acreditativo da pertenza a un Estado membro da Unión Europea.
- f) Aboamento da cota de ingreso fixada, que en ningún caso poderá ser superior á do resto dos colexiados exercentes.

Artigo 15º

Sen prexuízo da normativa profesional a que estean sometidos nos seus países de orixe, os profesionais referidos que exerzan en Galicia terán os mesmos dereitos e deberes, e estarán sometidos ao mesmo réxime disciplinario, que quedaron establecidos nestes estatutos para os profesionais exercentes nacionais.

Artigo 16º

1. Os xoiros, ourives, prateiros, reloxeiros ou xemólogos residentes ou establecidos no resto do Estado español ou ben nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, poden desenvolver a súa actividade profesional libremente en Galicia, en réxime de exercicio non permanente ou ocasional.

2. Enténdese por exercicio non permanente ou ocasional o que se desenvolve por un prazo inferior aos seis meses por ano natural ou ben sen contar con centro de traballo, taller, estudio, fábrica ou calquera tipo de establecemento aberto ao público.

3. Nestes casos, unicamente se requirirá que o profesional lle comunique á Xunta de Goberno do colexio, ademais do seu nome e apelidos, o título profesional que posúe, de ser o caso, o enderezo do seu establecemento na comunidade autónoma ou no seu país de orixe e o seu enderezo para os efectos de notificacións durante a súa permanencia en Galicia.

4. Estes profesionais quedan sometidos á tutela do colexio, así como ao réxime disciplinario que queda establecido nestes estatutos. As sancións que fosen impostas, se implicasen suspensión ou expulsión definitiva do colexio, substituiranse pola prohibición temporal ou definitiva do exercicio profesional non permanente ou ocasional en Galicia.

Artigo 17º

1. Para os efectos do que quedou establecido no artigo 13º destes estatutos, calquera colexiado debe quedar inscrito de forma obrigatoria cando menos a unha das seguintes seccións.

- Sección de ourivaría.
- Sección de fabricantes ourives.
- Sección de fabricantes prateiros.
- Sección de xoiaría en xeral.
- Sección de reloxaaría.
- Sección de xemoloxía.
- Sección de creativos e deseño.

2. O funcionamento das seccións axustarase ao disposto no regulamento que con dito fin aprobe a Xunta de Goberno.

SECCIÓN TERCEIRA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE COLEXIACIÓN

Artigo 18º

1. O expediente de colexiación débese tramitar nun tempo non superior aos 45 días hábiles, contados a partir da data en que se completase coa necesaria documentación, se esta non foi achegada en forma con anterioridade. Neste sentido, calquera defecto ou falta na documentación preceptiva débelle advertir ao interesado, a quen se lle concederá un prazo de quince días hábiles para completala, baixo apercibimento de arquivar a solicitude no caso de non cumprir este requirimento.

2. Unha vez admitida a solicitude, esta faise pública mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios do colexio durante quince días hábiles. Logo de transcorrer o indicado prazo, coas eventuais impugnacións, se as houber, o expediente sométese á consideración da Xunta de Goberno, a cal na primeira sesión que realice debe resolver respecto á admisión ou denegación desta.

Artigo 19º

O acordo da Xunta de Goberno comunícaselle ao interesado dentro do prazo expresado e adoptará a

forma de resolución motivada cando sexa denegatorio da incorporación solicitada. Neste último suposto, debe facerse tamén mención dos recursos que procedan contra tal resolución. Toda nova incorporación debe facerse pública no taboleiro de anuncios do colexio e na circular ou boletín colexial e debe inscribirse no correspondente rexistro de colexiados.

Artigo 20º

1. O secretario da corporación é o encargado, pola Xunta de Goberno, da tramitación do expediente de incorporación, o cal se eleva, unha vez concluído, á xunta na forma expresada e cos informes do propio secretario e do vogal ou vogais representantes da sección correspondente.

2. O secretario da corporación é o encargado, así mesmo, de inscribir nos correspondentes libros de rexistros as incorporacións e baixas dos colexiados exercentes, non exercentes, exercentes non permanentes ou ocasionais, tanto se son nacionais coma estranxeiros comunitarios ou non comunitarios.

Artigo 21º

Se no prazo previsto de 45 días hábiles para pronunciarse respecto da solicitude de incorporación non se notifica unha resolución expresa ao interesado, debe entenderse que aquela foi tacitamente aceptada.

Artigo 22º

Contra os acordos da Xunta de Goberno de aceptación ou rexeitamento das solicitudes de colexiación, os interesados poden interpoñer os recursos que procedan de acordo co establecido nestes estatutos e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 23º

O rexeitamento da solicitude de colexiación pode ser acordado, ademais de pola falta da titulación requirida e dos requisitos establecidos no artigo 13º destes estatutos, polas seguintes causas:

1. Non ser rehabilitado das sancións impostas que quedaron establecidas nestes estatutos.
2. Incumprimento dos requisitos legais para o exercicio da profesión.
3. Ser expulsado dalgún colexio de xoieiros, ourives, prateiros, reloxeiros ou xemólogos.

Artigo 24º

Á nova persoa incorporada ao colexio esténdeselle un diploma de colexiada e un carné de colexiada no cal debe constar a fotografía, o selo do colexio e as sinaturas da persoa interesada, do secretario e do presidente do colexio, a data de colexiación, o número de colexiado e a modalidade ou rama profesional que exerza ou, se é o caso, a mención «sen exercicio» para os colexiados non exercentes.

SECCIÓN CUARTA

DEREITOS E DEBERES DOS COLEXIADOS E PERDA DA CONDICIÓN DE COLEXIADO

Artigo 25º

Son de aplicación aos Colexiados todos os dereitos e obrigas que se establecen na lexislación de Colexios profesionais, nestes estatutos e nos regulamentos de orde interna.

Así mesmo, os Colexiados teñen os seguintes dereitos:

1. Participar na xestión corporativa e, polo tanto, exercer o dereito de petición, de voto e de acceso aos postos e cargos directivos.

2. Ser defendidos, a pedimento propio, polo Colexio cando sexan vexados ou perseguidos con motivo do seu exercicio profesional.

3. Recibir o apoio do Colexio e das súas asesorías xurídicas cando necesiten presentar reclamacións fundadas ante as autoridades, tribunais, entidades públicas ou privadas e en calquera tipo de diverxencia que xurda con ocasión do exercicio da profesión. Son a cargo do Colexiado solicitante os gastos, os honorarios profesionais e as custas xudiciais que deriven do procedemento, salvo que a Xunta de Goberno decidise o contrario.

4. Non ter ningunha limitación no exercicio profesional, agás que este non se desenvolva de acordo coas normas que regulan a profesión, incluídas as establecidas nestes estatutos, e as normas éticas ou deontolóxicas aplicables.

5. Non soportar outras cargas corporativas á parte das sinaladas polas leis, estes estatutos e as acordadas validamente pola Xunta de Goberno ou a Asemblea Xeral.

6. Utilizar as dependencias e os servizos que o Colexio estableza para o uso dos Colexiados.

7. Posuír publicamente a condición de Colexiado na forma que regulamentariamente se determine.

8. Ser oído, pola Xunta de Goberno, na formulación de temas, presentación de queixas e exposición de problemáticas relativas ao exercicio profesional.

9. Poder denunciar ante o Colexio os actos de intrusismo, de falta de ética profesional, de competencia desleal e as infraccións aos dereitos de propiedade industrial e intelectual, de acordo coa lexislación vixente, das que teña coñecemento o Colexiado.

Artigo 26º

Os Colexiados teñen os deberes seguintes:

1. Cumprir o que dispoñen estes estatutos, os regulamentos de orde interna e as decisións dos órganos do Colexio.

2. Soportar as cargas corporativas sinaladas polas leis, estes estatutos ou as acordadas validamente

pola Xunta de Goberno ou a Asemblea Xeral do Colexio.

3. Satisfacer e estar ao día no pagamento das cotas Colexiais ordinarias e extraordinarias.

4. Non aceptar nin realizar encargos profesionais nin protexer ou encubrir en calquera forma actuacións profesionais propias da competencia dos xoieiros, ourives, prateiros, reloxeiros ou xemólogos, realizadas por persoas intrusas.

5. Comunicarlle ao Colexio os seus cambios de domicilio profesional ou residencia, así como os cambios ou modificacións da súa especialidade profesional, para os efectos da súa adscripción sectorial á correspondente sección do Colexio.

6. Emitir o seu informe ou dar a súa opinión cando sexan convocados con esta finalidade polo Colexio.

7. Aceptar e desenvolver fiel e diligentemente os cargos Colexiais para os que fosen elixidos.

Artigo 27º

A condición de Colexiado pérdese polas seguintes causas:

a) Defunción.

b) Incapacidade legal declarada xudicialmente.

c) Expulsión a consecuencia do cumprimento de sanción disciplinaria que a comporte.

d) Baixa forzosa por incumprimento das obrigas económicas.

e) Baixa voluntaria formulada por escrito.

f) Condena firme por delito en calquera grao de participación, como consecuencia do exercicio profesional.

Artigo 28º

A suspensión ou inhabilitación do exercicio profesional non comporta a perda da condición de Colexiado. O profesional obxecto de suspensión ou inhabilitación continúa pertencendo ao Colexio, coa limitación de dereitos que a causa ou acordos da suspensión ou da inhabilitación producisen e deriven e coa obriga de continuar satisfacendo as cotas ordinarias que correspondan.

Artigo 29º

1. O descuberto no pagamento das cotas Colexiais por un prazo superior ao ano comporta a instrución dun expediente sumario, que debe incluír un requirimento escrito ao afectado, para que, dentro do prazo de tres meses, se poña ao día dos descubertos. Unha vez transcorrido o prazo sen aboar as cotas pendentes, a Xunta de Goberno debe tomar o acordo de baixa, que debe serlle notificado de forma fidedigna ao interesado.

2. En calquera momento pódese rehabilitar o Colexiado, logo do aboamento dos descubertos pendentes e da taxa de reingreso en caso de que estea prevista.

3. A perda da condición de Colexiado non libera do cumprimento do pagamento das cotas vencidas.

4. Non se lle pode aplicar ningunha outra sanción económica ao Colexiado que estea ao descuberto de pagamento de cotas Colexiais.

CAPÍTULO II
DOS ÓRGANOS DO COLEXIO

Artigo 30º

Os órganos do Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia son a Asemblea Xeral, a Xunta de Goberno e a Presidencia.

Artigo 31º

En todo o que estea relacionado co réxime interior do Colexio e a constitución da Asemblea Xeral e da Xunta de Goberno rexe o que queda establecido nestes estatutos e nos regulamentos de orde interna, así como o disposto con carácter xeral na Lei de Colexios profesionais de Galicia.

SECCIÓN PRIMEIRA
DA ASEMBLEA XERAL

Artigo 32º

A Asemblea Xeral, formada pola totalidade dos Colexiados, é o órgano supremo de representación Colexial, e a ela debe dar conta da súa actuación a Xunta de Goberno.

Artigo 33º

A Asemblea Xeral está investida das máis amplas facultades para cumprir os fins e conseguir os obxectivos Colexiais e, en consecuencia, para adoptar os acordos necesarios para a consecución dos seus fins.

En particular, e con carácter enunciativo, ten as seguintes funcións:

1. Aprobar e modificar os estatutos.
2. Aprobar e modificar os regulamentos de orde interna.
3. Aprobar, se procede, as propostas presentadas pola Xunta de Goberno e tamén as presentadas de acordo co que quedou establecido no artigo 36º destes estatutos por un número de Colexiados non inferior ao 5% dos profesionais inscritos no Colexio.
4. A censura da Xunta de Goberno e das xuntas que rexan cada unha das seccións de acordo co establecido nestes estatutos. A aprobación dunha moción de censura comporta o cesamento de todos os cargos que compoñen a xunta censurada.
5. A aprobación, se procede, da memoria de actividades presentada pola Xunta de Goberno.
6. A aprobación, se procede, do estado de ingresos e gastos, do estado económico e dos orzamentos que presente a Xunta de Goberno. Se a Asemblea Xeral non aproba os orzamentos, estes deben ser reelabo-

rados e presentados novamente para a súa aprobación en Asemblea Xeral extraordinaria, no prazo máximo de tres meses, e quedan prorrogados durante este período os anteriores.

7. A creación, suspensión ou cesamento dos servizos que preste o Colexio.

8. A modificación do ámbito territorial do Colexio, a súa agrupación, fusión, segregación ou disolución, así como a súa absorción por outro Colexio. Calquera destes acordos debe ser adoptado pola maioría absoluta dos Colexiados inscritos.

9. A autorización á Xunta de Goberno para adquirir, vender, allear ou gravar bens inmoebles propiedade do Colexio.

10. A aprobación de cotas extraordinarias a cargo dos Colexiados.

11. A proclamación dos candidatos elixidos para formar parte da Xunta de Goberno como resultado das votacións e do procedemento electoral previsto nestes estatutos.

12. A ratificación dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno cando así o exixan estes estatutos.

13. A creación de delegacións territoriais do Colexio.

14. A creación de novas seccións non consideradas no artigo 17º destes estatutos.

15. O nomeamento, de ser o caso, dunha auditoría independente para a revisión das contas Colexiais.

Artigo 34º

1. As asembleas xerais poden ser ordinarias ou extraordinarias.

2. A asemblea ordinaria debe reunirse con carácter ordinario dentro do primeiro semestre de cada ano para tratar os asuntos que figuren na orde do día e, necesariamente, os seguintes:

- a) Memoria das actividades realizadas durante o ano anterior.
- b) Estado económico da corporación, liquidación do orzamento vencido e presentación do que debe regular no período seguinte.

3. A Asemblea Xeral debe reunirse con carácter extraordinario cando así o acorde a Xunta de Goberno. Así mesmo, debe adoptarse o acordo de convocatoria cando o solicite un 10% dos Colexiados inscritos mediante escrito en que se indique a orde do día concreto e o motivo ou motivos polos que se solicita a convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria. Unicamente poden adoptarse acordos válidos sobre aqueles puntos que figuran na orde do día.

4. As asembleas xerais extraordinarias solicitadas en legal forma polos Colexiados deben de convocarse dentro dos 45 días hábiles seguintes ao da realización da primeira Xunta de Goberno que se reúna despois da solicitude e que debe realizarse nun pra-

zo non superior aos quince días hábiles dende a data da solicitude. As convocadas pola decisión da Xunta de Goberno deben realizarse dentro dos 30 días hábiles seguintes á data do acordo.

Artigo 35º

1. A comunicación da convocatoria ás asembleas xerais é única e efectúase mediante comunicación escrita dirixida a todos os colexiados, onde se expresa a orde do día, a data e hora da realización e o lugar. A convocatoria debe enviarse cunha antelación mínima de quince días hábiles respecto á data da súa realización, durante os cales os colexiados poden examinar na secretaría do colexio a documentación referente aos asuntos que teñan que ser sometidos á deliberación e, se procede, aprobación, da Asemblea Xeral.

2. Así mesmo, a convocatoria debe publicarse no taboleiro de anuncios do colexio coa mesma antelación de quince días hábiles.

Artigo 36º

1. Os colexiados poden presentar por escrito, ata os oito días hábiles anteriores á realización da Asemblea Xeral ordinaria, as propostas que desexen someter á deliberación e ao acordo desta. É necesaria a sinatura dun número de colexiados non inferior ao 5% dos profesionais inscritos no colexio para que poidan ser admitidas pola Xunta de Goberno e incluídas nos asuntos que se van tratar na orde do día.

2. Para os efectos previstos no punto anterior, poderán formular propostas as diferentes seccións e agrupacións territoriais -directamente ou a través do Consello Territorial- previstas nos estatutos, que deben ser presentadas polos respectivos presidente e delegado respectivamente logo de acordo favorable de maioría absoluta dos membros que compoñan as respectivas seccións e agrupacións territoriais. En canto ás propostas do Consello Territorial, a presentación efectuaraa o vicepresidente da Xunta de Goberno designado.

Artigo 37º

1. Tanto nas asembleas ordinarias coma nas extraordinarias actúan como presidente e secretario as persoas que posúan estes cargos na Xunta de Goberno, salvo a súa expresa renuncia ou ausencia, en cuxo caso ocuparán o cargo de presidente os vicepresidentes pola súa orde e o de secretario o membro da Xunta de Goberno de menor idade de entre os asistentes.

2. O presidente dirixe os debates, fai de moderador, ocúpase de que a reunión se desenvolva sen alteracións de orde e que tanto os debates como a adopción dos acordos se adapten á normativa legal e estatutaria e aos principios democráticos.

Artigo 38º

A Asemblea Xeral queda validamente constituída coa asistencia da metade máis un dos colexiados en primeira convocatoria. En caso de non reunir o devandito quórum, as asembleas xerais débense constituír en segunda convocatoria media hora despois da hora sinalada para a primeira e a súa constitución considérase válida sexa cal sexa o número de asistentes. A asistencia ás asembleas é persoal, sen que en ningún caso sexa admisible a delegación de voto.

Artigo 39º

1. Os acordos tómanse por maioría de votos dos asistentes e o voto do presidente dirime os empates. A cada colexiado exercente correspóndenlle dous votos e un aos non exercentes.

2. Os acordos tómanse por maioría simple, con excepción dos relativos á modificación do ámbito territorial do colexio, a súa agrupación, fusión, segregación ou disolución, así como a súa absorción por outro colexio. Nestes supostos requírese o voto da maioría absoluta do total dos colexiados incluídos no censo colexial.

3. Respecto aos acordos relativos ás mocións de censura, estes requirirán as maiorías establecidas no artigo 73 destes estatutos.

Artigo 40º

Se chegado o momento da votación non existe o quórum que quedou establecido en cada caso nestes estatutos, a votación debe pospoñerse polo prazo que o presidente considere oportuno. Se transcorrido este prazo, tampouco pode facerse validamente, o asunto será sometido á decisión da asemblea nunha vindeira sesión que se convoque para o efecto. O asunto obxecto de debate enténdese desestimado se nesta sesión tampouco pode alcanzarse o acordo.

Artigo 41º

1. Enténdese que hai maioría simple cando os votos positivos superan os negativos, sen contar as abstencións, os votos en branco e os nulos.

2. Enténdese que hai maioría absoluta cando se expresa no mesmo sentido o primeiro número enteiro de votos que segue ao número resultante de dividir por dous o total dos colexiados inscritos no colexio.

Artigo 42º

As votacións non poden interromperse por ningunha razón. Mentres teñen lugar, o presidente non concede a palabra e só pode entrar ou saír algunha persoa se así o autoriza o presidente.

Artigo 43º

1. A votación pode ser: por asentimento á proposta do presidente; ordinaria; pública por chamamento e secreta.

2. Considéranse aprobadas por asentimento as propostas do presidente cando, unha vez anunciadas, non suscitan ningunha obxección ou oposición. Doutra forma, é necesario facer votación ordinaria.

3. A votación ordinaria faise levantándose, primeiro, aqueles que aproban; despois, os que desaproban, e, finalmente, os que se absteñen. O secretario fai o recuento e seguidamente o presidente fai público o resultado.

4. A votación é pública por chamamento ou ben secreta cando así o solicite o 20% dos asistentes; así mesmo, é secreta cando se trate de asuntos persoais que afecten a un ou máis Colexiados ou ben cando o dispoña o presidente se considera que a cuestión debatida pode afectar a honorabilidade dalgún Colexiado ou que concorran, ao seu entender, outras circunstancias de especial natureza.

Artigo 44º

1. Na votación pública por chamamento, o secretario nomea os Colexiados e estes responden si, non ou declaran que se absteñen.

2. A votación secreta faise mediante papeletas e os Colexiados son chamados nominalmente para que vaian á mesa e depositen na urna correspondente as papeletas.

Artigo 45º

Ao inicio da asemblea débense designar tres interventores, que aproban a acta e a asinan conxuntamente co presidente e co secretario. Se non hai candidatos, os interventores indicados son designados mediante un sorteo entre os asistentes.

Artigo 46º

Os acordos tomados pola Asemblea Xeral sobre os puntos da orde do día son inmediatamente executivos e de obrigado cumprimento para todos os Colexiados sen excepción, sen prexuízo dos recursos que poden interpoñerse e salvo a posibilidade da súa suspensión en vía administrativa ou xurisdiccional.

SECCIÓN SEGUNDA DA XUNTA DE GOBERNO

Artigo 47º

A Xunta de Goberno está constituída por un Pleno e unha comisión permanente.

Artigo 48º

1. O Pleno da xunta está integrado por:

- O presidente.
- O vicepresidente primeiro.
- O vicepresidente segundo.
- O secretario.
- O tesoureiro-contador.
- Dez vogais.

2. Unha vez constituída a primeira Xunta de Goberno, de entre os seus vogais, débese designar un deles para presidir e representar cada unha das seccións que quedaron establecidas nestes estatutos.

3. Nas sucesivas convocatorias electorais será necesario que na candidatura figure un mínimo dun vogal expresamente designado para presidir e representar cada unha das seccións que quedaron establecidas nestes estatutos.

4. De entre os vogais da Xunta de Goberno, un mínimo de catro deben posuír a representación das provincias incluídas en cada unha das catro circunscricións provinciais do territorio de Galicia, é dicir, A Coruña, Pontevedra, Ourense e Lugo, respectivamente. Os vogais elixidos deberán ter radicada a súa residencia e actividade profesional nas provincias de que exerzan a representación.

5. O cargo dos vogais elixidos de acordo co precedente punto non é incompatible co nomeamento como delegado da Xunta Territorial que se prevé no artigo 82.1º destes estatutos.

6. En caso de baixa dalgún dos membros da Xunta de Goberno, as vacantes serán cubertas polo período que falte para concluír o mandato do substituído, por Colexiados exercentes designados pola Xunta de Goberno por proposta da Presidencia.

Artigo 49º

1. A comisión permanente está integrada por:

- O presidente.
- O vicepresidente primeiro.
- O vicepresidente segundo.
- O secretario.
- O tesoureiro-contador.

2. Sen prexuízo do anterior, ás reunións da comisión permanente poden asistir, con voz e voto, os vogais do Pleno da xunta cuxa asistencia o presidente considere necesaria ou conveniente pola natureza dos asuntos que se van tratar.

Artigo 50º

Son funcións do Pleno da Xunta de Goberno:

1. Executar os acordos adoptados pola Asemblea Xeral.
2. Dirixir e administrar o Colexio.
3. Guiar, establecer e organizar os servizos necesarios para o mellor cumprimento das funcións Colexiais.
4. A xestión ordinaria dos intereses da corporación.
5. Acordar ou denegar a admisión dos Colexiados.
6. Impoñer sancións de acordo co establecido nestes estatutos.

7. Recadar e administrar os fondos do colexio.

8. Redactar os orzamentos anuais e render as contas da súa execución.

9. Fixar as cotas ordinarias que deban satisfacer os colexiados.

10. Convocar as asembleas xerais cando corresponda.

11. Convocar as eleccións cando proceda.

12. Nomear os membros da Comisión de Deontoloxía e os doutras comisións cuxa creación considere oportuna a Xunta de Goberno para o mellor cumprimento dos fins colexiais.

13. Contratar, dirixir e destituír os empregados do colexio.

14. Conceder, en nome do colexio, distincións honoríficas e premios para recompensar os servizos relevantes e os méritos especiais conseguidos na defensa e salvagarda de calquera das ramas ou modalidades da profesión que quedaron establecidas nestes estatutos. As indicadas distincións honoríficas e premios poden outorgarse a calquera entidade, organismo, autoridade, colexiado ou persoa allea á profesión.

15. Outorgar, en nome do colexio e aos colexiados que alcancen os vinte e cinco e cincuenta anos de exercicio profesional, os diplomas conmemorativos das respectivas efemérides, así como a condecoración coa insignia do colexio nas súas respectivas modalidades.

16. Fixar o réxime económico das agrupacións territoriais constituídas de acordo co establecido nestes estatutos.

17. O nomeamento dun auditor de contas para a verificación da contabilidade. En todo caso ordenará a realización da auditoría para a verificación da contabilidade cando se produza novación ordinaria, total ou parcial da Xunta de Goberno.

18. Aprobar o regulamento polo que se rexerá o funcionamento das seccións do colexio e, de ser o caso, das comisións de traballo que se creen.

Artigo 51º

1. O Pleno da Xunta de Goberno débese reunir con carácter ordinario unha vez cada dous meses como mínimo, e con carácter extraordinario cando o solicita a metade máis un dos seus membros, ou ben cando as circunstancias o aconsellen a xuízo da comisión permanente ou do presidente. As convocatorias fainas o secretario por escrito co visto e prace do presidente. A convocatoria debe enviarse con oito días hábiles de antelación como mínimo e debe fixar a orde do día, a data, a hora e o lugar de realización. O presidente pode convocar en calquera momento, con carácter de urxencia, o Pleno da xunta cando, segundo o seu criterio, as circunstancias así o requiran.

2. Sen prexuízo do que se regula no punto anterior, calquera vogal da Xunta de Goberno pode propoñer, antes de cursarse a correspondente convocatoria, a inclusión dun determinado tema ou punto na orde do día do Pleno da Xunta de Goberno.

Artigo 52º

Os acordos adóptanse por maioría simple e validamente en primeira convocatoria cando asistan á reunión a maioría dos seus membros e, en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de asistentes. En caso de empate na votación, decide con voto de calidade o presidente. A asistencia ás sesións é obrigatoria. A falta non xustificada a tres consecutivas ou a cinco alternas considérase como unha renuncia voluntaria ao cargo.

Artigo 53º

Son funcións da comisión permanente da Xunta de Goberno:

1. Tramitar e executar os asuntos que exixen unha resolución inmediata.

2. Levar a cabo os acordos e encargos que lles sexan encomendados pola Xunta de Goberno.

Artigo 54º

A comisión permanente réunese por convocatoria do presidente con carácter ordinario unha vez ao mes como mínimo, e con carácter extraordinario cando os asuntos o requiran a criterio da Presidencia, ou ben o soliciten tres dos seus membros. A convocatoria da comisión permanente cúrsase obrigatoriamente por escrito con dous días hábiles de antelación, sen prexuízo da facultade da Presidencia para convocala de urxencia. Os acordos débense adoptar da forma que quedou establecida para os do Pleno da Xunta de Goberno. En todo caso, a comisión permanente debe dar conta inmediata da actividade desenvolvida a cada Xunta de Goberno.

SECCIÓN TERCEIRA

DAS ELECCIÓNS A CARGOS DA XUNTA DE GOBERNO

Artigo 55º

1. A elección para cubrir os cargos da Xunta de Goberno debe realizarse unha vez concluído o mandato mediante os trámites que quedaron establecidos nestes estatutos. A toma de posesión dos elixidos, que debe ser pública, lévase a cabo dentro dos quince días hábiles seguintes ao da realización das eleccións.

2. Todos os cargos directivos teñen un mandato de catro anos e poden ser reelixidos unicamente para un segundo mandato doutros catro anos.

Artigo 56º

Queda prohibida toda actividade electoral fóra do prazo establecido no calendario electoral destes estatutos. Así mesmo, queda prohibida calquera actividade electoral que implique descrédito ou falta de respecto aos candidatos e que estea en desacordo cos

principios establecidos nas normas deontolóxicas. A vulneración destas prohibicións comporta a apertura, se procede, dun expediente disciplinario.

Artigo 57º

A Xunta de Goberno debe redactar a convocatoria do proceso electoral anunciándoo como mínimo con 60 días naturais de antelación respecto á data de realización das eleccións.

Artigo 58º

1. As candidaturas pódense presentar ante a Secretaría do colexio desde o día da convocatoria ata os 30 días hábiles anteriores ao da realización das eleccións. Só poden concorrer ás eleccións candidaturas completas en que figuren todos os membros do Pleno da Xunta de Goberno que se van elixir. Se por calquera motivo un ou máis dos membros da candidatura renuncia ou causa baixa por calquera circunstancia, pódese suplir por outro colexiado. A substitución pode ter lugar ata o mesmo momento da constitución da mesa electoral.

2. As candidaturas presentadas deben formarse indicando cada candidato a súa aceptación a formar parte da candidatura, a designación do cargo a que opta e a acreditación da súa condición de colexiado exercente e de estar ao día do pagamento das cotas colexiais. As candidaturas deben designar entre os optantes vogais da Xunta de Goberno os que representen e queden adscritos a cada unha das seccións que se establecen nestes estatutos e os que exerzan a representación territorial, todo iso de acordo coas previsións establecidas nos números 2, 3 e 4 do artigo 48 destes estatutos.

3. Non é aceptable a candidatura dun mesmo colexiado simultaneamente para máis dun cargo, ou a súa inclusión en máis dunha candidatura.

Artigo 59º

1. O día seguinte ao da finalización do prazo de presentación de candidaturas, a Xunta de Goberno debe proclamar as candidaturas que reúnan os requisitos establecidos. Seguidamente débense publicar no taboleiro de anuncios do colexio as candidaturas proclamadas e débese comunicar a proclamación a cada unha delas.

2. A exclusión debe ser motivada e débesele notificar á candidatura interesada no prazo dun día hábil.

Contra a resolución de exclusión dunha candidatura pódesele presentar recurso ante a Xunta de Goberno no prazo de dous días hábiles. A Xunta de Goberno debe resolver no prazo dos dous días hábiles seguintes a presentación do recurso.

Artigo 60º

1. O mesmo día da realización das eleccións débese constituír a mesa electoral, integrada polo presidente e o secretario da Xunta de Goberno e por outro membro desta, que é designado pola propia Xunta

de Goberno de entre os seus membros. O presidente ou o secretario poden ser substituídos por calquera outro membro da Xunta de Goberno.

2. Cada candidatura pode designar entre os colexiados un interventor que a represente no proceso electoral.

3. Na mesa electoral débense colocar as urnas separadas para a votación dos colexiados exercentes e dos non exercentes. As urnas péchanse e deixáranse unicamente unha rañura para a introdución das papeletas de votación.

4. Unha vez constituída a mesa electoral, o presidente indica o inicio da votación e, á hora prevista para finalizala, péchanse as portas do lugar onde se realice a votación e só poden votar os colexiados que se atopen dentro.

5. A seguir, e tras a oportuna comprobación previa, introdúcense dentro das urnas os votos que chegasen ata aquel momento por correo certificado cos requisitos que quedaron establecidos nestes estatutos.

6. A Xunta de Goberno determina o horario da votación, que debe ter unha duración mínima de dez horas.

7. Todas as papeletas deben ser da mesma medida e cor. As papeletas son editadas polo colexio, sen prexuízo de que os candidatos poidan tamén confeccionalas con características idénticas ca as editadas polo colexio. No lugar onde se desenvolva a votación debe haber papeletas abundas de cada unha das candidaturas que opten á elección.

Artigo 61º

Cando só se presente unha candidatura, non se producirá a proclamación automática, senón que deberá ser elixida pola votación correspondente da asemblea.

Artigo 62º

Os votantes deben acreditar ante a mesa electoral a súa personalidade. A mesa comproba a inclusión do votante no censo de colexiados, o presidente pronuncia en voz alta o nome e o apelido do votante, indica que vota e seguidamente introduce a papeleta na urna correspondente.

Artigo 63º

1. O exercicio do dereito de voto para os que teñan a condición de electores é persoal, secreto, libre e directo e non se admite o voto por delegación.

2. Desde que se convoquen eleccións para cubrir os cargos da Xunta de Goberno e ata quince días hábiles antes da elección, os colexiados que desexen emitir o seu voto por correo pódennlle solicitar á Secretaría do colexio a certificación que acredite que están incluídos no censo de colexiados con dereito a voto.

3. Esta solicitude efectúase por comparecencia persoal na Secretaría do colexio, a excepción dos

colexiados que acrediten a imposibilidade de desprazarse e dos que figuren inscritos con domicilio fóra do ámbito territorial do colexio. En ambos os dous supostos poden solicitar a certificación mediante escrito dirixido ao secretario, enviado por correo certificado e asinado persoalmente, achegando fotocopia do documento nacional de identidade ou do carné de colexiado.

4. O secretario do colexio debe entregarlle ao solicitante a documentación necesaria para votar, ben persoalmente, con ocasión da comparecencia ante a Secretaría do colexio, ou ben mediante o envío por correo ao domicilio que designe o colexiado.

Artigo 64º

A emisión do voto por correo débese efectuar da forma seguinte:

1. Dentro dun sobre en branco introdúcese a papeleta de votación. Este sobre introdúcese noutro, ao cal hai que incorporar tamén a certificación da inclusión do elector no censo e a fotocopia do DNI ou do carné de colexiado.

2. Este segundo sobre debe enviarse por correo certificado dirixido ao presidente do Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia consignando: «Para as eleccións do Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia».

3. Soamente se computan os votos emitidos por correo certificado que cumpran os requisitos establecidos neste artigo e que teñan entrada na Secretaría do colexio antes do inicio do escrutinio.

Artigo 65º

1. Finalizada a votación, débese proceder ao escrutinio dos votos emitidos. Deben ser declaradas nulas aquelas papeletas que conteñan expresións alleas ao contido estrito da votación ou que imposibiliten a perfecta identificación da vontade do elector.

2. Finalizado o escrutinio, o presidente anuncia o resultado e proclámase seguidamente electa a candidatura que obtiver o maior número de votos.

3. En caso de empate, queda elixida a candidatura que obtiver máis votos dos colexiados exercentes.

4. No prazo de cinco días hábiles desde a constitución da nova Xunta de Goberno, débese comunicar a súa composición ao departamento competente da Xunta de Galicia.

SECCIÓN CUARTA COMPOSICIÓN E FUNCIÓNS DOS DIFERENTES CARGOS DA XUNTA DE GOBERNO

Artigo 66º

Correspóndelle ao presidente:

1. Representar o Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia ante calquera autoridade ou organismo do Esta-

do, da comunidade autónoma, da provincia, da bisbarra e de calquera outro ente local ou corporación, persoas públicas e privadas e nas relacións ante os tribunais de Xustiza de calquera grao e xurisdición.

2. Convocar o Pleno da Xunta de Goberno e a comisión permanente e darlle o trámite ás convocatorias das asembleas xerais.

3. Presidir as asembleas xerais, as sesións da Xunta de Goberno e todas as comisións a que asista.

4. Dirixir os debates e exercer o voto de calidade en caso de empate nos casos establecidos nestes estatutos.

5. Velar polo cumprimento destes estatutos, así como dos acordos da Asemblea Xeral e da Xunta de Goberno.

6. Conformar co visto e praxe as actas e as certificacións estendidas polo secretario da Xunta de Goberno.

7. Autorizar a apertura de contas correntes bancarias, as imposicións que se fagan e os talóns ou cheques para retirar cantidades xuntamente coa sinatura do tesoureiro-contador.

8. Ordenar os cobramentos e aprobar os libramentos e as ordes de pagamento.

9. Ordenar a iniciación de todo tipo de expedientes disciplinarios respecto aos colexiados, incluídos os derivados da vulneración das normas sobre propiedade intelectual e industrial, así como outras actuacións encamiñadas á persecución do intrusismo e do exercicio ilegal das diferentes ramas ou modalidades profesionais incluídas no colexio.

10. Autorizar os informes e comunicacións que se dirixan ás autoridades, corporacións e particulares.

11. Velar pola boa conduta profesional dos colexiados, polo cumprimento das normas deontolóxicas e, en xeral, polo decoro do colexio.

12. Outorgar, en nome da Xunta de Goberno e tras a correspondente autorización previa da Asemblea Xeral, os documentos públicos e privados que sexan necesarios para adquirir, vender, allear ou gravar bens inmoebles propiedade do colexio.

13. Outorgar, tras a correspondente autorización previa da Xunta de Goberno, poderes para preitos a favor de avogados e procuradores para a representación do colexio en calquera tipo de litixio ou procedemento, así como calquera outro apoderamento ou calquera outro acto ou resolución susceptible de constar en instrumento público notarial e de ser inscrito nos rexistros públicos.

14. Designar ata un número de tres colexiados, exercentes ou non que ocuparán o cargo de vogais da Xunta de Goberno con voz pero sen voto.

Artigo 67º

Correspóndelles aos vicepresidentes da Xunta de Goberno:

1. Levar a cabo todas aquelas funcións que, de forma expresa e non permanente, lles delegue o presidente.

2. Asumir as funcións do presidente en caso de ausencia, enfermidade ou incapacidade deste.

3. Asumir a Presidencia en funcións en caso de vacante ata a elección dun novo presidente.

4. Asumir a presidencia do Consello Territorial prevista no artigo 82º destes estatutos.

O vicepresidente segundo substituirá o vicepresidente primeiro nos mesmos supostos establecidos neste artigo en canto á substitución do presidente da Xunta de Goberno.

Artigo 68º

Correspóndenlle ao secretario da Xunta de Goberno as funcións seguintes:

1. Redactar e dirixir os oficios de citación para os actos do colexio segundo as instrucións e indicacións que reciba do presidente e coa antelación debida.

2. Redactar as actas das asembleas xerais e as que realicen a Xunta de Goberno e a comisión permanente.

3. Levar os libros necesarios para o mellor e máis ordenado servizo colexial, entre os que deben constar o que reflecta o censo de colexiados, os inscritos ás diferentes seccións que se establecen nestes estatutos e aquel en que se anoten as sancións disciplinarias que se lles impoñan aos colexiados e as rehabilitacións que correspondan.

4. Recibir e darlle conta ao presidente de todas as solicitudes e comunicacións que se envíen ao colexio.

5. Expedir as certificacións que corresponda co visto e praxe do presidente.

6. Redactar a memoria anual ao peche do exercicio.

7. Levar e custodiar o libro de actas.

Artigo 69º

Correspóndenlle ao tesoureiro-contador da Xunta de Goberno as seguintes funcións:

1. Recadar e custodiar os fondos do colexio por delegación da Xunta de Goberno.

2. Abrir e cancelar contas en institucións bancarias e de crédito, expedir e pagar libramentos, talóns e ordes de pagamento, sempre coa autorización e con carácter conxunto, mediante a sinatura do presidente.

3. Formular a conta periódica de ingresos e de gastos, así como a que corresponda ao exercicio económico vencido.

4. Redactar os orzamentos anuais que a Xunta de Goberno teña que presentar á aprobación da Asemblea Xeral.

5. Controlar a contabilidade e supervisar a caixa.

6. Levar o inventario dos bens do colexio, dos que é o administrador.

Artigo 70º

Correspóndelles aos vogais da Xunta de Goberno:

1. Velar polo cumprimento destes estatutos, así como dos acordos da Asemblea Xeral e da Xunta de Goberno.

2. Presidir e dirixir a administración e regular o funcionamento das seccións a que fosen asignados e, de ser o caso, das que sexan representantes de acordo co que quedou establecido no artigo 48º destes estatutos, con inclusión tamén da representación territorial cando corresponda de acordo co previsto nos artigos 48.4º, 82.1º e concordantes dos estatutos.

3. Aqueloutras funcións que lles encomende e delegue a Xunta de Goberno ou o seu presidente.

SECCIÓN QUINTA

CAUSAS DE CESAMENTO DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO

Artigo 71º

Os membros da Xunta de Goberno cesan polas seguintes causas:

1. Expiración do mandato para o cal foron elixidos.

2. Renuncia voluntaria ao cargo.

3. Condena por sentenza firme que comporte a inhabilitación para o exercicio de cargos públicos.

4. Condena firme por delito, en calquera grao de participación, cometido no exercicio profesional ou no exercicio do cargo que ocupen.

5. Sanción disciplinaria firme imposta por falta grave ou moi grave.

6. Aprobación dunha moción de censura por parte da Asemblea Xeral.

Artigo 72º

1. As vacantes que se produzan antes da expiración do mandato son cubertas por acordo da Xunta de Goberno e o nomeado exercerá o cargo soamente durante o tempo que lle restaba ao substituído.

2. Cando por calquera causa quedasen vacantes máis da metade dos cargos da Xunta de Goberno do colexio, procederase, no prazo de trinta días naturais desde a realización da última Xunta de Goberno, á convocatoria de eleccións para a provisión das prazas vacantes, ata a finalización do mandato.

Artigo 73º

1. A moción de censura da Xunta de Goberno e das xuntas que rexen cada unha das seccións, de acordo co establecido nestes estatutos, debe ser dirixida á Xunta de Goberno para o seu debate na Asemblea Xeral por escrito motivado e debe incluír unha candidatura alternativa. O escrito de presentación da moción de censura contra a Xunta de Goberno debe ser avalado pola sinatura dun mínimo do dez por cento dos colexiados, sempre e cando estes representen pola súa vez, como mínimo, un dez por cento dos membros de cada unha das seccións constituídas de acordo con estes estatutos. Respecto á solicitude de moción de censura dirixida contra as xuntas que rexen cada unha das seccións, será suficiente a sinatura dun mínimo do dez por cento dos membros da sección correspondente.

2. O presidente da Xunta de Goberno debe convocar unha Asemblea Xeral extraordinaria e específica con este único punto da orde do día, no prazo de trinta días hábiles que comezarán a contar dende a presentación do indicado escrito de moción de censura ante a Secretaría do colexio.

3. O debate iníciase coa defensa da moción de censura que efectúa un dos colexiados asinantes desta. A seguir, pode intervir o presidente da Xunta de Goberno, ou o presidente da sección correspondente. A seguir, poden intervir dous representantes da candidatura alternativa, así como dous representantes das xuntas censuradas. Cada unha das quen-das ten un tempo máximo de dez minutos.

4. Para a aprobación da moción requírese o voto favorable da maioría absoluta dos asistentes á asemblea, sempre que estes representen como mínimo o vinte por cento do censo colexial.

5. A aprobación dunha moción de censura comporta o cesamento de todos os membros da Xunta de Goberno ou, de ser o caso, da Xunta da Sección censurada e a proclamación automática como novos membros das respectivas candidaturas alternativas presentadas.

6. As candidaturas alternativas que se presenten con ocasión da moción de censura deben estar completas e incluír, en canto á Xunta de Goberno, todos os cargos que establece o artigo 48 destes estatutos e rexen no que resulten aplicables os requisitos e condicións que establece a sección terceira do capítulo segundo destes estatutos. Así mesmo, en canto á presentación de candidaturas alternativas ás xuntas de sección, rexen os requisitos e as condicións que establece a sección sétima do capítulo segundo destes estatutos na medida en que resulten aplicables.

SECCIÓN SEXTA

ENCADRAMENTO SECTORIAL DOS COLEXIADOS

Artigo 74º

Coa finalidade de facilitar a relación entre os colexiados que exercen cada unha das diferentes ramas

ou modalidades profesionais que se establecen nestes estatutos, calquera colexiado debe inscribirse de forma obrigatoria nalgunha das seccións fixadas no artigo 17º destes estatutos.

Artigo 75º

Cada sección é presidida, dirixida e administrada polo vogal da Xunta de Goberno que expresamente se designe en representación de cada unha das seccións.

Artigo 76º

Dentro dos 30 días hábiles seguintes á toma de posesión da Xunta de Goberno, débese designar o presidente de cada unha das seccións establecidas nestes estatutos.

Artigo 77º

1. Os cargos das xuntas de sección son os seguintes:

- a) Presidente.
- b) Vicepresidente.
- c) Secretario.

2. Sen prexuízo da designación do presidente da Xunta de Sección de entre os vogais que compoñen a Xunta de Goberno, o resto dos cargos son elixidos por votación dos membros adscritos a cada sección.

3. Para a elección prevista no parágrafo anterior, rexen as normas para a elección dos cargos da Xunta de Goberno, na medida en que lle sexan aplicables.

4. Cada sección pode dotarse dun regulamento de funcionamento interno que pode incluír a forma de elección da Xunta de Sección, sen que en ningún caso a normativa poida contradicir o establecido nestes estatutos. De ser o caso, os indicados regulamentos deben quedar definitivamente aprobados mediante a ratificación da Xunta de Goberno.

5. Os acordos adoptados polas seccións non teñen forza executiva ata que non sexan ratificados pola Xunta de Goberno.

Artigo 78º

Son funcións das seccións a través dos acordos que adopte a respectiva xunta:

1. Elaborar o censo de colexiados adscritos que debe ser comunicado ao secretario da Xunta de Goberno para a súa inscrición no libro correspondente, censo que será público.

2. Emitir informe sobre as ramas e modalidades de exercicio da profesión susceptibles de ser encadradas na respectiva sección.

3. Elaborar os informes e ditames que lle solicite a Xunta de Goberno.

4. Organizar cursos de reciclaxe e fomentar a especialización dos colexiados adscritos á sección.

5. Facilitar o axeitado tratamento e a resolución dos problemas comúns que afecten os colexiados adscritos á sección.

6. Velar polo cumprimento do establecido nestes estatutos e nas súas normas deontolóxicas entre os colexiados adscritos á sección.

7. Elevar propostas á Asemblea Xeral de acordo co establecido no artigo 36.2º destess estatutos.

8. Organizar iniciativas no ámbito cultural, asistencial e publicitario para a promoción do sector profesional que representan, así como asumir as tarefas de promoción dos profesionais inscritos á sección, manténdoo informados nos diversos ámbitos do seu interese.

9. Organizar actividades e servizos de natureza legal, fiscal e administrativa que requira a especificidade do sector.

10. Propoñerlle á Xunta de Goberno as partidas orzamentarias que os afecten para ser incluídas nos orzamentos xerais do colexio.

SECCIÓN SÉTIMA
ENCADRAMENTO TERRITORIAL DOS COLEXIADOS

Artigo 79º

1. Para un mellor desenvolvemento, funcionamento e cumprimento dos fins do colexio, pódense constituír delegacións territoriais en que os colexiados se integran de forma voluntaria, en función do domicilio onde desenvolvan a súa actividade. Constituirase unha delegación territorial nas cidades de: A Coruña, Lugo Ourense e Vigo.

2. Para a constitución de novas delegacións territoriais é requisito indispensable que un mínimo de 25 colexiados, cuxo domicilio profesional radique na mesma bisbarra, llo solicite á Xunta de Goberno, que debe conceder ou denegar a autorización no prazo máximo de dous meses desde a presentación da solicitude. Concedida esta, a Xunta de Goberno débelle presentar á Asemblea Xeral para a súa aprobación a proposta de creación da delegación territorial e a conseguinte proposta de modificación dos estatutos.

3. As delegacións territoriais constituídas de acordo co punto anterior poden agrupar outros colexiados, con independencia do seu número, sempre que as bisbarras onde radique o seu domicilio profesional sexan lindeiras.

Artigo 80º

As delegacións territoriais velan polos intereses dos colexiados adscritos no seu ámbito e para tal fin pódennlle formular propostas á Xunta de Goberno e á Asemblea Xeral. Así mesmo, exercen tamén a función consultiva referida ás materias que afecten o ámbito territorial que agrupa os colexiados adscritos a cada unha delas.

Artigo 81º

As delegacións territoriais teñen os seguintes órganos de goberno:

1. A Xunta Territorial, que agrupa todos os colexiados adscritos a esta.

2. O delegado da Xunta Territorial, que é elixido de entre os membros da Xunta Territorial e que a representa ante a Xunta de Goberno e lle fai chegar a esta o sentir e as peticións dos colexiados adscritos a cada unha das delegacións territoriais, e queda facultado para elevar e canalizar as propostas e informes que procedan. Así mesmo, o delegado territorial poderá posuír a representación por delegación do colexio, tras a correspondente autorización previa da Xunta de Goberno, no ámbito territorial propio da súa delegación e co alcance que determine o propio acordo de autorización da Xunta de Goberno.

SECCIÓN OITAVA
CONSELLO TERRITORIAL

Artigo 82º

1. O Consello Territorial estará integrado por un vicepresidente da Xunta de Goberno, polos delegados das delegacións territoriais constituídas de acordo co establecido nestes estatutos e polos catro vogais da Xunta de Goberno elixidos en representación das provincias do territorio de Galicia.

2. Este órgano, que lle pode formular propostas á Xunta de Goberno así como á Asemblea Xeral, e que ten unha función consultiva desta, pódese dotar dun regulamento de funcionamento interno que non contradiga estes estatutos e que debe ser definitivamente aprobado mediante a ratificación da Xunta de Goberno.

CAPÍTULO III
DOS RECURSOS EN XERAL E DA XURISDICIÓN DISCIPLINARIA

SECCIÓN PRIMEIRA
DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 83º

Contra as resolucións dos órganos colexiais e os actos de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, os colexiados poden interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditase o acto, ou ben impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 84º

1. Non se pode interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación tácita do recurso de reposición interposto.

2. Enténdese que se produce a tácita desestimación se o recurso non se resolve expresamente no prazo dun mes, contado desde a súa interposición.

Artigo 85º

1. O prazo para a interposición do recurso de reposición é dun mes, se o acto é expreso. Se non o é, o prazo é de tres meses e cóntase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

2. Transcorridos estes prazos, unicamente pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, se procede, da procedencia do recurso extraordinario de revisión, se concorren as circunstancias previstas no artigo 118 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 86º

A interposición do recurso non suspende a execución do acto impugnado. Non obstante, o órgano competente para resolver o recurso, logo de ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que ocasionaría ao interese público ou a terceiros a suspensión e o prexuízo que se lle ocasiona ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto recorrido, pode suspender, de oficio ou por solicitude do recorrente, a execución do acto impugnado cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

1. Se a execución pode causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.

2. Se a impugnación se fundamenta nalgunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 62.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 87º

Salvo que se dispoña outra cousa no que quedou establecido nestes estatutos ou na lexislación vixente, os prazos expresados en días débense computar sempre como días hábiles. Os prazos establecidos en semanas, meses ou anos, compútanse de data a data.

SECCIÓN SEGUNDA DAS FALTAS E SANCIÓN DOS COLEXIADOS

Artigo 88º

Con independencia da responsabilidade civil ou penal en que poidan incurrir, se procede, os colexiados quedan suxeitos á responsabilidade disciplinaria ante o colexio nos termos establecidos nestes estatutos e na lexislación vixente aplicable.

Artigo 89º

1. O colexio ten xurisdición disciplinaria en vía administrativa para sancionar os colexiados por actos que realicen con motivo do exercicio da profesión, e por calquera outro acto ou omisión que lles

sexa imputable e sexa contrario ao prestixio ou decoro profesional, á honorabilidade dos colexiados ou ao debido respecto aos órganos colexiais, aos outros colexiados e, en xeral, calquera infracción das obrigas profesionais e normas deontolóxicas de conduta.

2. O exercicio da función disciplinaria correspóndelle á Xunta de Goberno e só é aplicable se previamente se forma o expediente disciplinario correspondente que debe incoar a Comisión de Deontoloxía.

Artigo 90º

1. A Comisión de Deontoloxía está formada por sete membros elixidos pola Xunta de Goberno de entre os colexiados de recoñecido prestixio, que leven un mínimo de tres anos de exercicio na súa respectiva profesión.

2. O mandato da Comisión de Deontoloxía ha de coincidir co da Xunta de Goberno; deste xeito, esta debe proceder, dentro dos 30 días hábiles seguintes á súa toma de posesión, ao nomeamento dos membros da Comisión de Deontoloxía.

3. A Comisión de Deontoloxía nomea de entre os seus membros un presidente, a quen lle corresponde a representación ante a Xunta de Goberno e a dirección da propia comisión.

4. A Comisión de Deontoloxía nomea tamén un secretario, que coida do bo trámite dos expedientes disciplinarios e dirixe as tarefas do instrutor que se nomea en cada un dos procedementos. Así mesmo, a Comisión de Deontoloxía designa para o seu asesoramento un letrado en exercicio, cuxo nomeamento debe ratificar a Xunta de Goberno.

SECCIÓN TERCEIRA DO PROCEDEMENTO DISCIPLINARIO

Artigo 91º

1. Sen prexuízo das consecuencias que derivan da condena firme por delito cometido como consecuencia do exercicio profesional, non poden ser obxecto de sanción os feitos que foron sancionados penalmente, naqueles casos en que se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento.

2. Cando estea tramitándose un proceso penal polos mesmos feitos ou por outros racionalmente imposibles de separar dos sancionables de acordo co establecido nestes estatutos, suspéndese a tramitación do procedemento disciplinario. O reinicio do devandito procedemento queda aprazado ata que a autoridade xudicial dite resolución firme.

3. Unha vez iniciado o procedemento, en calquera momento en que o instrutor aprecie que a presunta infracción pode constituír delito ou falta penal, debe informar inmediatamente a Xunta de Goberno para que decida sobre a comunicación dos feitos ao Ministerio Fiscal e resolva suspender o procedemento ata que a autoridade xudicial dite resolución firme.

4. Unha vez continuada a tramitación do expediente disciplinario en calquera dos supostos indicados, a resolución que se dite debe respectar a apreciación dos feitos contida no pronunciamento xudicial expresado.

Artigo 92º

1. Se unha resolución da Xunta de Goberno decide a incoación do procedemento disciplinario de acordo co establecido nestes estatutos, a mesma Xunta de Goberno pode acordar como medida preventiva a suspensión provisional no exercicio da profesión dos colexiados afectados que se atopen sometidos a procesamento ou inculpación nun procedemento penal. Este acordo debe adoptarse mediante resolución motivada e logo de audiencia do interesado.

2. A resolución que acorde a suspensión provisional no exercicio da profesión debe serlle notificada ao colexiado afectado de acordo co establecido nestes estatutos. A suspensión provisional pode manterse mentres dure o procesamento ou a inculpación, sen que afecte o seu mantemento a situación de suspensión do procedemento disciplinario prevista no artigo anterior.

Artigo 93º

1. O procedemento disciplinario impúlsase de oficio en todos os trámites, os cales deben axustarse ao establecido nestes estatutos e, no non previsto nestes, ao que recolle a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A tramitación e as notificacións deben axustarse ao establecido nestes estatutos e, no non previsto, ao que recolle a indicada Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. As notificacións deben facerse no domicilio profesional que o colexiado lle comunicase ao colexio, sen prexuízo dun eventual traslado non comunicado. Se non pode ser verificada a notificación nos termos previstos no artigo 59 da indicada Lei 30/1992, un empregado do colexio realizará a súa entrega de acordo co sinalado no indicado precepto; se, aínda así, non pode facerse a entrega no indicado domicilio, a notificación considerárase realizada con plena validez unha vez transcorridos quince días hábiles da súa inserción no taboleiro de anuncios do colexio.

4. Os prazos establecidos noestes estatutos son prorrogables salvo disposición expresa en contra, por proposta razoada do instrutor do expediente, aprobada en cada caso pola Xunta de Goberno do colexio, aprobación que debe facerse necesariamente antes do vencemento. O acordo sobre a prórroga, o cal se lle notifica ao colexiado afectado ou recorrente, non se pode recorrer, sen prexuízo do que poña fin ao procedemento e na eventual impugnación en ulteriores recursos que se interpoñan en contra da resolución.

Artigo 94º

Os colexiados sometidos a un procedemento disciplinario teñen os dereitos seguintes:

1. Á presunción de inocencia.

2. A ser informados dos feitos que se lle imputan, das infraccións que estes feitos poden constituír e das sancións que comportan, así como das normas aplicables.

3. A absterse de declarar no procedemento seguido na súa contra, a formular alegacións e a utilizar os medios de defensa admitidos polo ordenamento xurídico que sexan procedentes.

4. Ao resto de dereitos recoñecidos pola indicada Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 95º

1. O procedemento iníciase de oficio por resolución da Xunta de Goberno, por proposta razoada da Comisión de Deontoloxía ou por denuncia de terceiros. Non se consideran denuncia os escritos anónimos.

2. A apertura do expediente disciplinario acórdaa a Xunta de Goberno, á cal lle corresponde tamén a súa resolución por proposta da Comisión de Deontoloxía.

Artigo 96º

A Xunta de Goberno pode iniciar o procedemento abrindo dilixencias previas coa finalidade de coñecer as circunstancias do caso concreto e a conveniencia ou non de proceder á apertura do expediente disciplinario. Unha vez finalizadas as actuacións destas dilixencias previas e necesariamente no prazo máximo de 30 días hábiles desde a resolución que acordou abrilas, a Xunta de Goberno dita resolución para acordar a apertura do expediente disciplinario ou ben o arquivo das actuacións.

Artigo 97º

1. No mesmo acordo de apertura de expediente disciplinario désígnase, de entre os membros da Comisión de Deontoloxía, un instrutor, que actúa baixo as ordes do secretario do expediente, que coincide co secretario da devandita Comisión de Deontoloxía. A Xunta de Goberno só pode substituír o secretario ou instrutor dun expediente disciplinario que xa aceptou o cargo nos supostos de defunción, renuncia e resolución favorable ao incidente de abstención ou recusación.

2. A apertura do expediente disciplinario, incluíndo o nomeamento do instrutor e do secretario, notifícaselles ao colexiado obxecto do expediente e tamén aos designados para os indicados cargos.

3. A aceptación da escusa destes nomeamentos e da renuncia aos cargos unha vez aceptados, e tamén

a apreciación das causas de abstención e recusación, compételle á Xunta de Goberno.

4. O dereito de recusación pode exercerse desde o momento en que o interesado teña coñecemento da identidade do instrutor e do secretario designados, e poderá presentarse a recusación en calquera momento da tramitación do procedemento.

5. Aplícanse en materia de abstención e recusación do instrutor e do secretario do expediente as normas contidas nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6. As causas de abstención e recusación establecidas neste artigo aplícanse, se procede, ao resto de membros da Xunta de Goberno e da Comisión de Deontoloxía.

7. O instrutor, dando fe o secretario, ordena a práctica de todas as dilixencias adecuadas para determinar e comprobar os feitos e de todas as probas que poidan conducir á súa aclaración e á determinación das responsabilidades susceptibles de sanción.

Artigo 98º

1. No prazo dun mes desde a apertura do expediente sancionador e á vista das actuacións practicaadas, o instrutor formula e notifica o correspondente prego de cargos.

2. O prego de cargos debe redactarse de forma clara e precisa, comprende os feitos imputados ao inculpado en parágrafos separados e numerados para cada un deles e expresa as infraccións presuntamente cometidas e as sancións que comportarían.

Artigo 99º

1. O prego de cargos notifícaselle ao inculpado e concédelle un prazo de quince días hábiles co obxecto de que poida contestar coas alegacións que considere pertinentes e achegar os documentos que considere de interese.

2. O inculpado pode propoñer na resposta ao prego de cargos a práctica de calquera medio de proba admisible en dereito que crea necesario e acompañar os documentos que considere convenientes.

Artigo 100º

1. O instrutor dispón do prazo dun mes para a práctica das probas que considere pertinentes por entender que son adecuadas para a determinación dos feitos e as posibles responsabilidades. Esta práctica pode incluír probas non propostas polos afectados. O indicado prazo compútase dende que se contesta ao prego de cargos ou transcorreu o prazo establecido sen facelo.

2. O instrutor, en resolución que debe ser sempre motivada, pode denegar a admisión e práctica das probas que considere improcedentes, porque pola súa relación cos feitos non poidan alterar a resolu-

ción final a favor do presunto responsable. Esta resolución pódese recorrer cando determine a imposibilidade de continuar o procedemento ou produza indefensión, e deberase manifestar a oposición nos outros casos mediante a oportuna alegación por parte do afectado para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento e no recurso que poida interpoñerse contra a resolución.

Artigo 101º

O instrutor, dentro dos dez días seguintes á expiración do período de proposición e práctica da proba, formula e notifica a proposta de resolución, na cal fixa con precisión os feitos, efectúa a cualificación xurídica co obxecto de determinar a infracción ou infraccións que considere cometidas e sinala as posibles responsabilidades do inculpado, e tamén a proposta de sanción que se deba impoñer.

Artigo 102º

A proposta de resolución notifícaselle ao inculpado para que dentro do prazo de quince días hábiles, á vista do expediente, poida alegar ante o instrutor todo o que considere conveniente para a súa defensa.

Artigo 103º

O instrutor, unha vez escoitado o inculpado ou unha vez transcorrido o prazo sen alegación ningunha, envía, no prazo de cinco días hábiles desde a finalización, a proposta de resolución xunto co expediente completo á Xunta de Goberno para a súa resolución.

Artigo 104º

1. A resolución que poña fin ao procedemento disciplinario debe ser acordada no prazo máximo de 30 días hábiles desde a recepción da proposta do instrutor, debe ser motivada e debe resolver todas as cuestións formuladas no expediente, e non pode aceptar feitos diferentes dos que serviron de base ao prego de cargos e á proposta de resolución, sen prexuízo da súa diferente valoración xurídica. A resolución debe notificarse no prazo de dez días hábiles desde a súa adopción.

2. Na deliberación e adopción da resolución non interveñen os que participaron na fase de instrución do expediente como instrutor e secretario.

3. Se a proposta de resolución inclúe unha sanción de suspensión por máis de seis meses ou a expulsión do colexio, o acordo debe ser adoptado pola Xunta de Goberno en votación secreta e por unanimidade dos asistentes. No resto de casos é suficiente o voto favorable das dúas terceiras partes dos integrantes da Xunta de Goberno.

4. Salvo en casos de absoluta imposibilidade por causa xustificada, é obrigatoria a concorrencia de todos os membros da Xunta de Goberno á sesión en que se teña que resolver un expediente con proposta de expulsión ou de suspensión por máis de seis meses e para este fin débese consignar o asunto na orde do día da convocatoria.

5. A resolución ditada débelle ser notificada ao inculpado, debe respectar o establecido no artigo 89 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e debe expresar os recursos en contra que sexan procedentes, os órganos administrativos ou xudiciais ante os que deben presentarse e o prazo para interpoñelos, sen prexuízo de que os interesados poidan presentar calquera outro que consideren oportuno.

Artigo 105º

1. As resolucións da Xunta de Goberno que suspendan provisionalmente no exercicio colexiados sometidos a procesamento ou inculpación, arquiven as actuacións iniciadas e impoñan sancións disciplinarias, e tamén calquera outra decisión dentro do procedemento que, aínda tendo o carácter de acto de trámite, determine a imposibilidade de continuado ou produza indefensión, poden ser obxecto dos recursos procedentes de acordo co establecido nestes estatutos e na normativa legal aplicable.

2. Para os únicos efectos de interpoñer recurso contra calquera das resolucións indicadas anteriormente que determinen ou impliquen o arquivo ou o sobresemento das actuacións iniciadas ou a imposición de sancións, considérase como interesado o denunciante dos feitos, se procede, o cal ten dereito a que se lle notifiquen os indicados actos, e tamén os de apertura do expediente disciplinario.

Artigo 106º

1. As resolucións da Xunta de Goberno non poden executarse ata que non sexan confirmadas ao resolver o recurso de reposición ou ben ata que transcorra o prazo establecido para a interposición deste sen facelo. Así mesmo, as medidas provisionais aprobadas poden ser executables desde a data en que son adoptadas.

2. Se se interpón recurso contencioso-administrativo, pode suspenderse a execución de acordo e nos termos previstos na Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 107º

As sancións disciplinarias pódense facer públicas unha vez son firmes en vía administrativa, con independencia da execución. No caso de que o acordo sancionador sexa posteriormente revogado xudicialmente, debe facerse análoga publicidade da revogación.

Artigo 108º

1. A responsabilidade disciplinaria dos colexiados extínguese polo cumprimento da sanción, a defunción, a prescrición da infracción e a prescrición da sanción.

2. A baixa no colexio non extingue a responsabilidade disciplinaria contraída durante o período de alta, aínda que determina a imposibilidade de exe-

cutar a sanción que se acorde. Neste caso, conclúe o procedemento disciplinario mediante a resolución que sexa procedente e no caso de sanción a execución queda en suspenso ata o momento en que o colexiado cause novamente alta no colexio.

Artigo 109º

1. As infraccións moi graves prescriben aos dous anos, as graves ao ano e as leves aos tres meses.

2. O prazo de prescrición comeza a contar desde que a infracción se cometeu.

3. A prescrición interrómtese coa notificación ao colexiado afectado do acordo de apertura das dilixencias previas ou do procedemento disciplinario. O prazo volve computarse se o procedemento disciplinario queda paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao inculpado.

Artigo 110º

1. As sancións impostas por faltas moi graves prescriben aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano.

2. O prazo de prescrición da sanción por falta de execución comeza a contar desde o día seguinte ao que adquire firmeza a resolución que impón a sanción e aplícase igualmente o establecido no artigo 132.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 111º

1. A anotación das sancións no expediente persoal do colexiado caduca aos seis meses se foi por falta leve; aos dous anos se foi por falta grave; aos catro anos se foi falta moi grave; e aos cinco anos se a sanción foi de expulsión.

2. O prazo para a rehabilitación colexial cóntase a partir do día seguinte a que quedou cumprida a sanción.

3. Os sancionados poden solicitar da Xunta de Goberno a rehabilitación unha vez transcorridos os indicados prazos de caducidade, a cal se acorda sen máis trámite unha vez comprobado que transcorreu o período de caducidade establecido nestes estatutos.

4. Non obstante, se a sanción consistiu na expulsión do colexio, o solicitante debe achegar probas da rectificación da súa conduta, que deben ser apreciadas ponderadamente pola Xunta de Goberno para acordar ou denegar a rehabilitación, o cal deberá facerse mediante resolución motivada e nun prazo máximo de dous meses desde a súa solicitude. A resolución da Xunta de Goberno notifícaselle ao solicitante coa indicación dos recursos que procedan. Unha vez transcorrido o prazo de dous meses sen que a Xunta de Goberno ditase resolución expresa, a solicitude enténdese estimada e o colexiado pode reincorporarse libremente co cumprimento dos requisitos previstos nestes estatutos.

SECCIÓN CUARTA
DAS FALTAS E SANCIÓN E NORMAS DEONTOLÓXICAS

Artigo 112º

As faltas que comportan sanción disciplinaria quedan clasificadas en leves, graves e moi graves.

Artigo 113º

Son faltas leves:

1. O incumprimento da obriga de comunicarlle ao colexio o cambio de domicilio profesional ou residencia.

2. O incumprimento de comunicarlle ao colexio os cambios ou modificacións na especialidade profesional para os efectos da adscrición de cada colexiado ás diferentes seccións establecidas nestes estatutos.

3. A negligencia no cumprimento de encargos e servizos que lles causen prexuízo aos seus clientes, cando polas súas circunstancias non se poidan cualificar de falta moi grave.

4. A resistencia ou atraso deliberado ou negligente no cumprimento dos acordos colexiais.

5. O atraso inxustifico no pagamento das cotas colexiais por un prazo de ata seis meses.

6. A actuación profesional que implique desprestixio leve da profesión ou comporte unha leve falta de respecto a outros colexiados ou ataque ao seu decoro.

Artigo 114º

Son faltas graves:

1. A consignación de forma intencionada de datos inexactos ou falsos nas notificacións de cambios de domicilio profesional, apertura e peche de establecementos, fábricas ou talleres e en calquera outra notificación que proceda facilitar ao colexio.

2. A consignación de forma intencionada de datos inexactos ou falsos na solicitude de colexiación e adscrición ás diferentes seccións establecidas nestes estatutos.

3. A infidelidade e falta de dilixencia intencionadas no desenvolvemento dos cargos colexiais para que foron elixidos.

4. O atraso inxustifico no pagamento das cotas colexiais por un prazo superior a seis meses e inferior ao ano.

5. A actuación profesional que cause grave desprestixio á profesión, que implique unha grave falta de respecto a outros colexiados ou ataque ao seu decoro. Para estes efectos, considérase incluído neste suposto, entre outros, ser condenado por sentenza firme ao pagamento a outro colexiado de cantidades debidas a este pola entrega de bens ou a prestación de servizos relacionados co exercicio profesional.

6. A actuación profesional que implique competencia desleal. Considéranse constitutivas de competencia desleal todas aquelas actuacións que sexan

recoñecidas e tipificadas como tales na lexislación vixente. A título enumerativo, e non limitativo, son as seguintes:

a) A elusión e non consignación nos artigos obxecto de fabricación, venda ou comercialización da puntillaxe obrigatoria.

b) A realización de publicidade falsa ou enganosa.

c) A falta de adopción inxustificada das medidas de seguridade establecidas con carácter obrigatorio pola lexislación vixente.

d) A realización de descontos, rebaixas e liquidacións fóra dos supostos e condicións legalmente establecidos.

e) A realización de vendas por catálogo, ou calquera outra forma de comercialización, que vulnere as condicións legalmente previstas.

7. A infracción da lexislación que regula a propiedade intelectual e industrial, sen prexuízo das sancións civís e penais que comporten.

8. A omisión de xeito intencionado ou negligente da nomenclatura xemolóxica internacionalmente vixente na exposición ao público de pedras preciosas ou na realización de publicidade enganosa destas.

9. A práctica de actividade electoral fóra do período fixado no calendario electoral ou vulnerando as condicións establecidas nestes estatutos.

10. O exercicio da profesión sen estar colexiado como exercente, aínda que conte coa alta no imposto de actividades económicas ou en calquera outro tributo análogo. Esta conduta considérase como moi grave se no prazo de tres meses desde a resolución da Xunta de Goberno que impoña a sanción por infracción grave se continúa no exercicio da profesión sen estar colexiado.

Artigo 115º

Son faltas moi graves:

1. A reincidencia en dúas ou máis faltas graves das establecidas no artigo anterior.

2. A actuación profesional falta de ética ou probidade, se por causa da transcendencia económica ou outras circunstancias concorrentes nesta se ocasiona un notorio desprestixio da profesión ou un grave prexuízo para terceiros.

3. A protección ou encubrimento do intrusismo profesional.

Considérase que hai protección ou encubrimento, entre outros, cando o colexiado manteña regularmente co intruso relacións de carácter profesional ou comercial que impliquen a realización das actividades propias das ramas ou modalidades do exercicio profesional establecidas nestes estatutos.

4. A realización de actividades comerciais ou profesionais, e a constitución ou pertenza a entidades ou persoas xurídicas constituídas en calquera forma socie-

taria, que teñan como obxecto ou se dediquen a realizar funcións que sexan propias do colexio, sen prexuízo da existencia e do funcionamento dos gremios e asociacións profesionais legalmente constituídas.

5. O exercicio da profesión sen estar colexiado como exercente, se no prazo de tres meses desde a resolución da Xunta de Goberno que impoña a sanción prevista no número 10 do artigo anterior, o sancionado continúa exercendo sen estar colexiado.

6. A condena firme pola comisión dun delito, en calquera grao de participación, como consecuencia do exercicio profesional.

Artigo 116º

1. Co fin de loitar eficazmente contra as actividades de intrusismo profesional, a súa protección e encubrimento, o colexio debe exercer as accións legais que sexan procedentes ante os tribunais de Xustiza, por presuntos delitos ou faltas de intrusismo -nos termos previstos no Código penal- na profesión de xoieiro, reloxeiro, ourive, prateiro ou xemólogo, e debe levar a cabo previamente as actuacións e dilixencias que considere oportunas, por medio da Comisión de Deontoloxía.

2. O establecido no parágrafo anterior non impide recorrer a calquera outra medida legal ou corporativa, que teña como finalidade combater o intrusismo na profesión.

Artigo 117º

As sancións que se poden impoñer ás faltas leves son:

1. Reprensión privada.
2. Amoestación por escrito.

Artigo 118º

As sancións que se poden impoñer por faltas graves son:

1. Reprensión pública mediante comunicación á Asemblea Xeral.
2. Suspensión no exercicio da profesión por un período non superior a un ano.

Artigo 119º

As sancións que se poden impoñer por faltas moi graves son:

1. Suspensión no exercicio da profesión desde un ano ata dous anos.
2. Expulsión do colexio. A sanción de expulsión unicamente lle pode ser imposta ao colexiado que previamente fose sancionado coa suspensión no exercicio da profesión pola comisión doutra falta grave ou moi grave.

Artigo 120º

As sancións impostas aos colexiados deben anotarse no seu expediente persoal e no libro correspon-

dente. Ademais, poderá facerse publicidade de sancións firmes por faltas graves e moi graves, na forma que acorde a Xunta de Goberno, nos órganos de difusión interna do colexio.

CAPÍTULO IV DA DISOLUCIÓN

Artigo 121º

A Xunta de Goberno por si ou por petición de cando menos un terzo dos colexiados que estean no uso pleno dos seus dereitos como tales, convocará a Xunta Xeral extraordinaria para acordar, se for o caso, a disolución do colexio, precisando para a válida constitución da xunta un quórum de metade máis un dos colexiados e que o acordo se tome co voto favorable da maioría dos asistentes.

O acordo que o declare expresará o que corresponde en relación coa liquidación do seu patrimonio, a sucesión dos seus dereitos e das súas obrigas.

Artigo 122º

A Xunta Xeral extraordinaria que acorde a disolución do colexio poderá nomear por maioría simple unha comisión liquidadora. De non facelo así, a Xunta de Goberno constituirase en Comisión Liquidadora.

A Comisión Liquidadora deberá convocar a Xunta Xeral unha vez rematadas as operacións de liquidación para dar conta da súa xestión e da liquidación practicada.

Orde do 8 de outubro de 2008 pola que se dispón o cumprimento da sentenza 476/2008, de 26 de xuño de 2008, da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que anula o Decreto 426/2003, do 20 de novembro, polo que se resolve o expediente de deslinde entre os termos municipais dos concellos de Moeche e San Sadurniño, a resolución aclaratoria do 4 de maio de 2004, así como a acta de práctica do deslinde levantada o 14 de outubro de 2004.

A Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditou a sentença 476/2008, do 26 de xuño, no recurso contencioso-administrativo número 4134/2004, interposto polo Concello de Moeche contra o Decreto 426/2003, do 20 de novembro, polo que se resolve o expediente de deslinde entre os termos municipais dos concellos de Moeche e San Sadurniño.

A parte dispositiva da devandita sentenza do 26 de xuño de 2008 contén o seguinte pronunciamiento:

«Resolvemos estimar parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto polo Concello de